

VIBRACIÓNS E ONDAS

♦ INTRODUCCIÓN

● MÉTODO

1. En xeral:

Debúxanse as forzas que actúan sobre o sistema.

Calcúlase a resultante polo principio de superposición.

Aplicase a 2ª lei de Newton (Lei Fundamental da Dinámica). Como a aceleración ten a mesma dirección e sentido que a forza resultante, pódese escribir para os módulos

$$|\vec{F}| = m |\vec{a}|$$

2. Nos problemas de resortes:

A relación entre a constante elástica k e a frecuencia angular ω obtense tendo en conta que a forza elástica dada pola lei de Hooke

$$F = -k \cdot x$$

é a resultante, e, pola 2ª lei de Newton

$$-k \cdot x = m \cdot a$$

Como nun M.H.S. a aceleración é proporcional ao alongamento:

$$a = -\omega^2 \cdot x$$

queda

$$-k \cdot x = m \cdot a = -m \cdot \omega^2 \cdot x$$

$$k = m \cdot \omega^2$$

Se o resorte se move nun eixo vertical, o tratamento é o mesmo que se o fixera nunha liña horizontal, tendo en conta que a orixe é a posición de equilibrio, o punto no que a forza elástica equilibra a forza peso.

● RECOMENDACIÓNS

1. Farase unha lista con datos, pasándoos ao Sistema Internacional se non o estivesen.
2. Farase outra lista coas incógnitas.
3. Farase unha lista de ecuacións que conteñan as incógnitas e algún dos datos, mencionando á lei ou principio ao que se refiren.
4. Debuxarase un esbozo coas distancias coherentes coa situación.
5. No caso de ter algunha referencia, ao rematar os cálculos farase unha análise do resultado para ver si é o esperado.
6. En moitos problemas as cifras significativas dos datos son incoherentes. Resolverase o problema supoñendo que os datos que aparecen con unha ou dúas cifras significativas teñen a mesma precisión que o resto dos datos (polo xeral tres cifras significativas), e ao final farase un comentario sobre o as cifras significativas do resultado.

● ACLARACIÓNS

1. Os datos dos enunciados dos problemas non adoitan ter un número adecuado de cifras significativas, ben porque o redactor pensa que a Física é unha rama das Matemáticas e os números enteiros son números «exactos» (p.ej a velocidade da luz: 3×10^8 m/s cre que é 300 000 000,0000000000000000... m/s) ou porque aínda non se decatou de que se pode usar calculadora no exame e parécelle máis sinxelo usar 3×10^8 que 299 792 458 m/s). Por iso supuxen que os datos teñen un número de cifras significativas razoables, case sempre tres cifras significativas. Menos cifras darían resultados, en certos casos, con ampla marxe de erro. Así que cando tomo un dato como $c = 3 \times 10^8$ m/s e reescribo como:
Cifras significativas: 3
 $c = 3,00 \times 10^8$ m/s
o que quero indicar é que supoño que o dato orixinal ten tres cifras significativas (non que as teña en realidade) para poder realizar os cálculos cunha marxe de erro máis pequeno que o que tería si tomáseo tal como dano. (3×10^8 m/s ten unha soa cifra significativa, e un erro relativo do 30%. Como os erros adóitanse acumular ao longo do cálculo, o erro final sería inadmisibile. Entón, para que realizar os cálculos? Cunha estimación sería suficiente).

◆ PROBLEMAS

● M.H.S..

1. Dun resorte elástico de constante $k = 500 \text{ N} \cdot \text{m}^{-1}$ colga unha masa puntual de 5 kg. Estando o conxunto en equilibrio, desprázase a masa 10 cm, deixándoa oscilar a continuación libremente, Calcula:

- a) A ecuación do movemento harmónico que describe a masa puntual.
b) Os puntos nos que a aceleración desta masa é nula.

(P.A.U. Xuño 96)

Rta.: a) $y = 0,1 \cos(10 t) \text{ [m]}$, b) $y = 0$.

Datos

Constante elástica do resorte

Masa pendurada

Amplitude

Incógnitas

Ecuación do movemento harmónico: ω : pulsación (frecuencia angular),

φ_0 : fase inicial

Puntos nos que a aceleración é nula

Ecuacións

De movemento no M.H.S.

Relación entre a aceleración a e a elongación y

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

2ª lei de Newton

Cifras significativas: 3

$k = 500 \text{ N/m}$

$m = 5,00 \text{ kg}$

$A = 10,0 \text{ cm} = 0,100 \text{ m}$

ω, φ_0

y

$y = A \sin(\omega t + \varphi_0)$

$a = -\omega^2 \cdot y$

$F = -k \cdot y$

$\sum \vec{F} = m \vec{a}$

Solución:


Non movemento vertical, a forza resultante entre a forza recuperadora elástica e o peso é unha forza recuperadora do tipo $F = -k \cdot y$

$$\sum \vec{F} = m \vec{a}$$

$$-k \cdot y = m \cdot a = m (-\omega^2 \cdot y)$$

$$k = m \cdot \omega^2$$

$$\omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{500 [\text{N m}^{-1}]}{5,00 [\text{kg}]}} = 10,0 \text{ rad/s}$$



S.R. Orixe O: posición de equilibrio. Eixo Y+ vertical no sentido do alongamento (cara abaixo)

$$y = 0,100 \sin(10 t + \varphi_0) \text{ [m]}$$

Posición inicial: para $t = 0$, $y_0 = 0,100 \text{ m}$

$$0,100 = 0,100 \sin(10,0 \cdot 0 + \varphi_0)$$

$$\varphi_0 = \arcsin 1 = \pi/2 \text{ rad}$$

$$y = 0,100 \sin(10,0 t + \pi/2) \text{ [m]}$$

Polas equivalencias trigonométricas, pódese empregar a ecuación equivalente:

$$y = 0,100 \cos(10,0 t) \text{ [m]}$$

(Tomando como número de cifras significativas as do dato que menos ten “5 kg”, o resultado non tería sentido xa que: 10 rad/s é $\omega = 10 \pm 10 \text{ rad/s}$ e ten un erro do 100%)

b) Impoñendo a condición $a = 0$, na ecuación $a = -\omega^2 y$, queda $y = 0$ (na orixe).

Análise: A ecuación de movemento cumpre a condición da posición inicial (para $t = 0$, $y_0 = 0,100$ m). Na posición de equilibrio (orixe O) a forza resultante é nula. Polo tanto non hai aceleración.

2. Unha butaca está montada sobre un resorte. Cando se senta unha persoa de 75 kg, oscila cunha frecuencia de 1 Hz. Se sobre ela se senta agora outra persoa de 50 kg.

a) Cal será a nova frecuencia de vibración?

b) Canto descenderá a butaca cando alcance o equilibrio?

DATOS: $g = 9,81 \text{ m} \cdot \text{s}^{-2}$

(P.A.U. Set. 97)

Rta.: a) $f = 0,8 \text{ Hz}$; b) $\Delta y = 0,2 \text{ m}$

Datos

Frecuencia inicial de oscilación

Masa inicial

Masa extra

Incógnitas

Ecuación do movemento harmónico: ω : pulsación (frecuencia angular);

φ_0 : fase inicial

Puntos nos que a aceleración é nula

Outros símbolos

Constante elástica do resorte

Pulsación (frecuencia angular)

Elongación

Ecuacións

Relación entre a aceleración a e a elongación y

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

2ª lei de Newton

Cifras significativas: 3

$$f_0 = 1,00 \text{ Hz}$$

$$m_0 = 75,0 \text{ kg}$$

$$\Delta m = 50,0 \text{ kg}$$

$$\omega, \varphi_0$$

$$k$$

$$\omega = 2 \pi f$$

$$y$$

$$a = -\omega^2 \cdot y$$

$$F = -k \cdot y$$

$$\sum \vec{F} = m \vec{a}$$

Solución:

Non movemento vertical, a forza resultante entre a forza recuperadora elástica e o peso é unha forza recuperadora do tipo $F = -ky$

$$-ky = m a = m (-\omega^2 y)$$

$$k = m\omega^2$$

Pulsación inicial: $\omega_0 = 2 \pi f_0 = 2 \pi [\text{rad}] \cdot 1,00 [\text{s}^{-1}] = 6,28 \text{ rad/s}$.

$$k = 75,0 [\text{kg}] \cdot (6,28 \text{ rad/s})^2 = 2,96 \times 10^3 \text{ N/m}$$

masa final: $m = m_0 + \Delta m = 125 \text{ kg}$

$$\omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{2,96 \times 10^3 [\text{N m}^{-1}]}{125 [\text{kg}]}} = 4,87 \text{ rad/s}$$

$$f = 4,87 [\text{rad/s}] / 2 \pi [\text{rad}] = 0,775 \text{ Hz}$$

(Tomando só unha cifra significativa como nos datos “1 Hz”, o resultado sería: $f = 0,8 \text{ Hz}$)

b) Tómake como posición de equilibrio a da primeira persoa. Cando ponse enriba dela a segunda, ao acadar o equilibrio a forza resultante será nula:


$$\vec{P}_{\text{eso}} + \vec{F}_{\text{elástica}} = \vec{0}$$

$$\Delta mg = k \Delta y$$

$$50,0 [\text{kg}] \cdot 9,81 [\text{m/s}^2] = 2,96 \times 10^3 [\text{N} \cdot \text{m}^{-1}] \Delta y$$

$$\Delta y = 0,166 \text{ m}$$

(Tomando só unha cifra significativa como nos datos “1 Hz”, o resultado sería: $\Delta y = 0,2 \text{ m}$)



3. Un obxecto de 100 g, unido a un resorte de $k = 500 \text{ N}\cdot\text{m}^{-1}$, realiza un movemento harmónico simple. A enerxía total é de 5 J. Calcula:
- A amplitude.
 - A velocidade máxima e a frecuencia da oscilación.
 - Indica cualitativamente nunha gráfica como varían a enerxía total, cinética e potencial coa elongación x .

(P.A.U. Set. 10)

Rta.: a) $A = 0,14 \text{ m}$; b) $v_{\text{máx}} = 9,9 \text{ m/s}$; $f = 11 \text{ Hz}$ **Datos**

Masa que realiza o M.H.S.
 Constante elástica do resorte
 Enerxía mecánica

Incógnitas

Amplitude (elongación máxima)
 Velocidade máxima
 Frecuencia de oscilación

Outros símbolos

Valor da velocidade
 Pulsación (frecuencia angular)
 Fase inicial
 Elongación
 Forza recuperadora elástica

Ecuacións

De movemento no M.H.S.
 Relación entre a aceleración a e a elongación x
 Lei de Hooke: forza recuperadora elástica
 2ª lei de Newton
 Enerxía potencial elástica
 Enerxía cinética
 Enerxía mecánica

Cifras significativas: 3

$m = 0,100 \text{ kg}$
 $k = 500 \text{ N}\cdot\text{m}^{-1}$
 $E = 5,00 \text{ J}$

 A $v_{\text{máx}}$ f v $\omega = 2 \pi f$ φ_0 x F $x = A \sin(\omega t + \varphi_0)$ $a = -\omega^2 x$ $F = -k \cdot x$ $\sum \vec{F} = m \vec{a}$ $E_p = \frac{1}{2} k x^2$ $E_c = \frac{1}{2} m v^2$ $E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k A^2$ **Solución:**

a) A enerxía dun movemento harmónico simple é a suma das enerxías cinética e potencial, e consérvase.

$$E = E_c + E_p = \frac{1}{2} m v^2 + \frac{1}{2} k x^2 = \frac{1}{2} m v_{\text{máx}}^2 = \frac{1}{2} k A^2$$

$$\frac{1}{2} k A^2 = 5,00 \text{ J}$$

$$500 [\text{N}\cdot\text{m}^{-1}] / 2 \cdot A^2 = 5,00 [\text{J}]$$

$$A = \sqrt{\frac{2 \cdot 5,00 [\text{J}]}{500 [\text{N}\cdot\text{m}^{-1}]}} = 0,141 \text{ m}$$

b) A ecuación de movemento é:

$$x = A \sin(\omega t + \varphi_0)$$

na que ω é a frecuencia angular, relacionada coa frecuencia f de oscilación por:

$$\omega = 2 \pi f$$

Como só actúa a forza elástica:

$$-k \cdot x = m \cdot a = m (-\omega^2 \cdot x)$$

$$k = m \cdot \omega^2$$

$$\omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{500 [\text{N}\cdot\text{m}^{-1}]}{0,100 [\text{kg}]}} = 70,7 \text{ rad/s}$$

$$f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{70,7 [\text{rad/s}]}{2\pi} = 11,3 \text{ s}^{-1}$$

A velocidade do oscilador nun instante t é a derivada da posición con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dx}{dt} = \frac{d}{dt} (A \sin(\omega t + \phi_0)) = A \omega \cos(\omega t + \phi_0)$$

que ten o valor máximo cando $\cos(\omega t + \phi_0) = 1$

$$v_{\text{máx}} = A \omega = 0,141 [\text{m}] \cdot 70,7 [\text{rad/s}] = 10,0 \text{ m/s}$$

(Tomando só unha cifra significativa como nos datos “7 J”, os resultado serían: $A = 0,1 \text{ m}$; $f = 1 \times 10^1 \text{ Hz}$ e $v = 1 \times 10^1 \text{ m/s}$)

c) A enerxía potencial en cada punto de elongación x é:

$$E_p = \frac{1}{2} k x^2$$

Ao ser unha forza conservativa, a enerxía mecánica valerá o mesmo para calquera elongación: é constante.

$$E = E_c + E_p = \frac{1}{2} m v^2 + \frac{1}{2} k x^2$$

Para a elongación máxima ou amplitude:


$$E = E_c + E_p = \frac{1}{2} m 0^2 + \frac{1}{2} k A^2 = \frac{1}{2} k A^2$$

$$E = \frac{1}{2} k A^2$$

A enerxía cinética é a diferenza entre a enerxía mecánica e a potencial

$$E_c = E - E_p = \frac{1}{2} k A^2 - \frac{1}{2} k x^2 = \frac{1}{2} k (A^2 - x^2)$$

Como se ve, as representacións gráficas das enerxías cinética e potencial son parábolas (a potencial co vértice na orixe) e a da enerxía mecánica é una recta paralela ao eixe das X .



4. Unha masa de 0,05 kg realiza un M.H.S. segundo a ecuación $x = A \cos(\omega t + \phi_0)$. As súas velocidades son 1 m/s e 2 m/s cando as súas elongacións son, respectivamente, 0,04 e 0,02 m. Calcula:

a) O período e a amplitude do movemento.

b) A enerxía do movemento oscilatorio e a enerxía cinética e potencial cando $x = 0,03 \text{ m}$.

(P.A.U. Xuño 99)

Rta.: a) $T = 0,13 \text{ s}$; $A = 0,045 \text{ m}$; b) $E = 0,125 \text{ J}$; $E_p = 0,056 \text{ J}$; $E_c = 0,069 \text{ J}$

Datos

Masa que realiza o M.H.S.

Valor da velocidade cando se atopa no punto de elongación $x_1 = 0,0400 \text{ m}$

Valor da velocidade cando se atopa no punto de elongación $x_2 = 0,0200 \text{ m}$

Incógnitas

Período

Amplitude

Enerxía mecánica

Enerxía potencial para $x = 0,03 \text{ m}$

Enerxía cinética para $x = 0,03 \text{ m}$

Outros símbolos

Constante elástica do resorte

Pulsación (frecuencia angular)

Frecuencia de oscilación

Ecuacións

Relación entre a aceleración a e a elongación x

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

Cifras significativas: 3

$m = 0,0500 \text{ kg}$

$v_1 = 1,00 \text{ m/s}$

$v_2 = 2,00 \text{ m/s}$

T

A

E

E_p

E_c

k

$\omega = 2\pi / T = 2\pi f$

f

$a = -\omega^2 x$

$F = -kx$

Ecuacións

2ª lei de Newton

Enerxía potencial elástica

Enerxía cinética

Enerxía mecánica

$$\sum \vec{F} = m \vec{a}$$

$$E_p = \frac{1}{2} k x^2$$

$$E_c = \frac{1}{2} m v^2$$

$$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k A^2$$

Solución:

Só actúa a forza elástica:

$$-k x = m a = m (-\omega^2 x)$$

$$k = m \omega^2$$

Tendo en conta que a única forza (elástica) é conservativa,

$$(E_c + E_p)_1 = (E_c + E_p)_2$$

$$\frac{1}{2} m v_1^2 + \frac{1}{2} k x_1^2 = \frac{1}{2} m v_2^2 + \frac{1}{2} k x_2^2$$

$$\frac{1}{2} m (1,00 \text{ [m/s]})^2 + \frac{1}{2} k (0,0400 \text{ [m]})^2 = \frac{1}{2} m (2,00 \text{ [m/s]})^2 + \frac{1}{2} k (0,0200 \text{ [m]})^2$$

Dividindo todo entre a metade da masa $\frac{1}{2} m$, e substituíndo $k = m \omega^2$

$$(16,0 \times 10^{-4} - 4,00 \times 10^{-4}) \text{ [m}^2\text{]} \omega^2 = (4,00 - 1,00) \text{ [m}^2\text{/s}^2\text{]}$$

$$\omega = 50,0 \text{ rad/s}$$

$$T = 2 \pi / \omega = 0,126 \text{ s}$$

(Tomando só unha cifra significativa como nos datos “1 m/s”, o resultado sería: $T = 0,1 \text{ s}$)

Aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica entre o primeiro punto e o da máxima elongación,

$$(E_c + E_p)_1 = (E_c + E_p)_A$$

$$\frac{1}{2} m v_1^2 + \frac{1}{2} k x_1^2 = \frac{1}{2} k A^2$$

Facendo o mesmo que antes, queda,

$$A = \sqrt{\frac{m}{k} v_1^2 + x_1^2} = \sqrt{\frac{v_1^2}{\omega^2} + x_1^2} = \sqrt{\left(\frac{1,00 \text{ [m/s]}}{50,0 \text{ [rad/s]}}\right)^2 + (0,0400 \text{ [m]})^2} = 0,0447 \text{ m}$$

(Tomando só unha cifra significativa como nos datos “1 m/s”, o resultado sería: $A = 0,05 \text{ m}$)

Análise: A amplitude 0,05 m é do orde de magnitude das posicións (0,02 e 0,04 m) e maior que estas.

b)

$$k = m \omega^2 = 0,0500 \text{ [kg]} \cdot (50,0 \text{ [rad/s]})^2 = 125 \text{ N/m}$$

$$E = \frac{1}{2} k A^2 = \frac{1}{2} 125 \text{ [N/m]} \cdot (0,0447 \text{ [m]})^2 = 0,125 \text{ J}$$

Para $x = 0,03 \text{ m}$

$$\text{Enerxía potencial: } E_p = \frac{1}{2} k x^2 = \frac{1}{2} 125 \text{ [N/m]} \cdot (0,03 \text{ [m]})^2 = 0,0563 \text{ J}$$

$$\text{Enerxía cinética: } E_c = E - E_p = 0,125 \text{ [J]} - 0,0563 \text{ [J]} = 0,0688 \text{ J}$$

(Tomando só unha cifra significativa como nos datos “1 m/s”, o resultado da enerxía sería: $E = 0,1 \text{ J}$; o da enerxía potencial $E_p = 0,06 \text{ J}$ pero o da enerxía cinética non se podería calcular porque a diferenza 0,1 – 0,06 non se pode facer por falta de cifras significativas. Poñeríase un resultado indeterminado, da orde de $E_c \approx 0,1 \text{ J}$)

5. Un corpo de masa 100 gramos está unido a un resorte que oscila nun plano horizontal. Cando se estira 10 cm e se solta, oscila cun período de 2 s. Calcula:

- A velocidade cando se atopa a 5 cm da súa posición de equilibrio.
- A aceleración nese momento.
- A enerxía mecánica.

(P.A.U. Set. 08)

Rta.: a) $v_s = 0,27 \text{ m/s}$, b) $a = -0,49 \text{ m/s}^2$; c) $E = 4,93 \times 10^{-3} \text{ J}$ **Datos**

Masa pendurada

Amplitude

Período

Posición para calcular a velocidade e aceleración

Incógnitas

Velocidade cando se atopa a 5 cm da súa posición de equilibrio

Aceleración nese momento

Enerxía mecánica

Ecuacións

De movemento no M.H.S.

Relación entre a frecuencia angular e o período

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

2ª lei de Newton

Relación entre a aceleración a e a elongación x

Enerxía potencial elástica

Enerxía cinética

Enerxía mecánica

Cifras significativas: 3 $m = 100 \text{ g} = 0,100 \text{ kg}$ $A = 10,0 \text{ cm} = 0,100 \text{ m}$ $T = 2,00 \text{ s}$ $x = 5,00 \text{ cm} = 0,0500 \text{ m}$ v a E $x = A \sin(\omega t + \phi_0)$ $\omega = 2\pi / T$ $F = -k \cdot x$ $\sum \vec{F} = m \vec{a}$ $a = -\omega^2 x$ $E_p = \frac{1}{2} k x^2$ $E_c = \frac{1}{2} m v^2$ $E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k A^2$ **Solución:**

Como só actúa a forza elástica:

$$-k x = m a = m (-\omega^2 x)$$

$$k = m \cdot \omega^2$$

Calcularse a frecuencia angular a partir do período

$$\omega = 2\pi / T = 2 \cdot \pi [\text{rad}] / 2,00 [\text{s}] = 3,14 \text{ rad/s}$$

$$k = m \cdot \omega^2 = 0,100 [\text{kg}] \cdot (3,14 [\text{rad/s}])^2 = 0,987 \text{ N/m}$$

Tendo en conta que a única forza (elástica) é conservativa,

$$(E_c + E_p)_1 = (E_c + E_p)_2$$

$$\frac{1}{2} m v_1^2 + \frac{1}{2} k x_1^2 = \frac{1}{2} m v_2^2 + \frac{1}{2} k x_2^2$$

$$\frac{1}{2} 0,100 [\text{kg}] \cdot 0^2 + \frac{1}{2} 0,987 [\text{N/m}] (0,100 [\text{m}])^2 = \frac{1}{2} 0,100 [\text{kg}] \cdot v^2 + \frac{1}{2} 0,987 [\text{N/m}] (0,0500 [\text{m}])^2$$

$$v = 0,27 \text{ m/s}$$

b) Da relación entre a aceleración e a elongación:

$$a = -\omega^2 x = -(3,14 [\text{rad/s}])^2 \cdot 0,0500 [\text{m}] = -0,49 \text{ m/s}^2$$

c) A enerxía mecánica é constante e vale o mesmo que no punto de máxima elongación:

$$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k A^2 = \frac{1}{2} 0,987 [\text{N/m}] \cdot (0,100 [\text{m}])^2 = 4,93 \times 10^{-3} \text{ J}$$

6. Unha masa de 10 g está unida a un resorte e oscila nun plano horizontal cun movemento harmónico simple. A amplitude do movemento é $A = 20 \text{ cm}$, e a elongación no instante inicial é $x = -20 \text{ cm}$. Se a enerxía total é 0,5 J, calcula:

a) A constante elástica do resorte.

b) A ecuación do movemento.

c) A enerxía cinética na posición $x = 15 \text{ cm}$.

(P.A.U. Set. 12)

Rta.: a) $k = 25 \text{ N/m}$; b) $x = 0,200 \cdot \sin(50 \cdot t + 3 \pi / 2) \text{ [m]}$; c) $E_c = 0,219 \text{ J}$

Datos

Masa que oscila

Amplitude

Posición inicial

Energía mecánica

Posición para calcular a enerxía cinética

Incógnitas

Constante elástica do resorte

Ecuación do movemento (frecuencia angular e fase inicial)

Energía cinética na posición $x = 15 \text{ cm}$

Ecuacións

De movemento no M.H.S.

Relación entre a frecuencia angular e o período

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

2ª lei de Newton

Relación entre a aceleración a e a elongación x

Energía potencial elástica

Energía cinética

Energía mecánica

Cifras significativas: 3

$m = 10,00 \text{ g} = 0,0100 \text{ kg}$

$A = 20,0 \text{ cm} = 0,200 \text{ m}$

$x_0 = -20,0 \text{ cm} = -0,200 \text{ m}$

$E = 0,500 \text{ J}$

$x = 15,0 \text{ cm} = 0,150 \text{ m}$

k

ω, φ_0

E_c

$x = A \cdot \sin(\omega \cdot t + \varphi_0)$

$\omega = 2 \pi / T$

$F = -k \cdot x$

$\sum \vec{F} = m \cdot \vec{a}$

$a = -\omega^2 \cdot x$

$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$

$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$

$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k \cdot A^2$

Solución:

a) Da ecuación da enerxía mecánica:

$$E = \frac{1}{2} k \cdot A^2$$

$$k = \frac{2 \cdot E}{A^2} = \frac{2 \cdot 0,500 [\text{J}]}{(0,200 [\text{m}])^2} = 25 \text{ N/m}$$

b) Como só actúa a forza elástica:

$$-k \cdot x = m \cdot a = m (-\omega^2 \cdot x)$$

$$k = m \cdot \omega^2$$

$$\omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{25 [\text{N/m}]}{0,01 [\text{kg}]}} = 50 \text{ rad/s}$$

Usamos o dato da posición inicial ($x_0 = -0,200 \text{ m}$ cando $t = 0$) para calcular a fase inicial:

$$x = A \cdot \sin(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

$$-0,200 [\text{m}] = 0,200 [\text{m}] \sin(50 [\text{rad/s}] \cdot 0 + \varphi_0)$$

$$-1 = \sin \varphi_0$$

$$\varphi_0 = \arcsin -1 = 3 \pi / 2$$

$$x = 0,200 \cdot \sin(50 \cdot t + 3 \pi / 2) [\text{m}]$$

c) Tendo en conta que a única forza (elástica) é conservativa,

$$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2 = 25 [\text{N/m}] \cdot (0,150 [\text{m}])^2 / 2 = 0,281 \text{ J}$$

$$E = E_c + E_p$$

$$E_c = 0,500 [\text{J}] - 0,281 [\text{J}] = 0,219 \text{ J}$$

7. A forza máxima que actúa sobre unha partícula que realiza un movemento harmónico simple é 2×10^{-3} N e a enerxía total é de 5×10^{-4} J.

- a) Escribe a ecuación do movemento desa partícula se o período é de 4 s e a fase inicial é de 30° .
b) Canto vale a velocidade ao cabo de 1 s de comezar o movemento?

(P.A.U. Xuño 00)

Rta.: a) $x = 0,50 \cos(\pi t / 2 + \pi / 6)$ [m]; b) $v_1 = -0,68$ m/s.

Datos

Forza recuperadora elástica máxima

Enerxía mecánica

Período de oscilación

Fase inicial

Incógnitas

Ecuación do movemento harmónico: ω : pulsación (frecuencia angular)

A : amplitude

A velocidade a $t = 1$ s

Outros símbolos

Constante elástica do resorte

Pulsación (frecuencia angular)

Masa da partícula

Elongación

Amplitude (elongación máxima)

Ecuacións

De movemento no M.H.S.

Enerxía potencial elástica

Enerxía cinética

Enerxía mecánica

Cifras significativas: 3

$$F_{\text{máx}} = 2,00 \times 10^{-3} \text{ N}$$

$$E = 5,00 \times 10^{-4} \text{ J}$$

$$T = 4,00 \text{ s}$$

$$\varphi_0 = 30^\circ = \pi/6 \text{ rad}$$

$$\omega, A$$

$$v$$

$$k$$

$$\omega = 2 \pi / T$$

$$m$$

$$x$$

$$A$$

$$x = A \sin(\omega t + \varphi_0)$$

$$E_p = \frac{1}{2} k x^2$$

$$E_c = \frac{1}{2} m v^2$$

$$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k A^2$$

Solución:

a)

$$\left. \begin{aligned} E &= \frac{1}{2} k A^2 \\ F_{\text{máx}} &= k A \end{aligned} \right\} \left. \begin{aligned} \frac{1}{2} k A^2 &= 5,00 \times 10^{-4} \text{ J} \\ k A &= 4,00 \times 10^{-3} \text{ N} \end{aligned} \right\} \begin{aligned} A &= 0,500 \text{ m} \\ k &= 4,00 \times 10^{-3} \text{ N/m} \end{aligned}$$

$$\omega = 2 \pi / T = 2 \pi [\text{rad}] / 4,00 [\text{s}] = \pi / 2 [\text{rad/s}] = 1,57 \text{ rad/s}$$

A ecuación do M.H.S. é indistintamente $x = A \cos(\omega t + \varphi_0)$ ou $x = A \sin(\omega t + \varphi'_0)$ pero o valor da fase inicial depende da expresión. Tomamos arbitrariamente

$$x = 0,500 \cos(\pi/2 t + \pi/6) [\text{m}]$$

(Tomando só unha cifra significativa como nos datos " 2×10^{-3} N", non se podería dar un resultado que tivese unha precisión aplicable)

b) Derivando a ecuación anterior e substituíndo:

$$v = dx / dt = -0,500 \cdot \pi/2 \sin(\pi/2 t + \pi/6) = -0,785 \sin(\pi/2 t + \pi/6) [\text{m/s}]$$

Para $t = 1,00$ s,

$$v_1 = -0,680 \text{ m/s.}$$

(Tomando só unha cifra significativa como nos datos " 2×10^{-3} N", non se podería dar un resultado por falta de precisión)

8. Unha masa de 0,1 kg xunguida a un resorte de masa desprezable realiza oscilacións arredor da súa posición de equilibrio cunha frecuencia de 4 Hz sendo a enerxía total do sistema oscilante 1 Xulio. Calcula:

- a) A constante elástica do resorte e a amplitude das oscilacións (A)
b) A enerxía cinética e potencial da masa oscilante nun punto situado a distancia $A/4$ da posición de equilibrio.

Rta.: a) $k = 63 \text{ N} \cdot \text{m}^{-1}$; $A = 0,18 \text{ m}$; b) $E_p = 6,3 \times 10^{-2} \text{ J}$; $E_c \approx 0,9 \text{ J}$

Datos

Masa que realiza o M.H.S.

Frecuencia de oscilación

Enerxía mecánica

Incógnitas

Constante elástica do resorte

Amplitude (elongación máxima)

Enerxía cinética para $x = \pm A/4$

Enerxía potencial para $x = \pm A/4$

Outros símbolos

Valor da velocidade

Pulsación (frecuencia angular)

Fase inicial

Elongación

Forza recuperadora elástica

Ecuacións

De movemento no M.H.S.

Relación entre a aceleración a e a elongación x

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

2ª lei de Newton

Enerxía potencial elástica

Enerxía cinética

Enerxía mecánica

Cifras significativas: 3

$m = 0,100 \text{ kg}$

$f = 4,00 \text{ Hz}$

$E = 1,00 \text{ J}$

k

A

E_c

E_p

v

$\omega = 2 \pi f$

φ_0

x

F

$x = A \sin(\omega t + \varphi_0)$

$a = -\omega^2 x$

$F = -kx$

$\sum \vec{F} = m \vec{a}$

$E_p = \frac{1}{2} k x^2$

$E_c = \frac{1}{2} m v^2$

$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k A^2$

Solución:

a) Só actúa a forza elástica:

$$-k x = m a = m (-\omega^2 x)$$

$$k = m \omega^2$$

$$\omega = 2 \pi f = 2 \pi [\text{rad}] 4,0 [\text{s}^{-1}] = 8 \pi \text{ rad} \cdot \text{s}^{-1} = 25,1 \text{ rad} \cdot \text{s}^{-1}$$

$$k = m \omega^2 = 0,10 [\text{kg}] \cdot (25 [\text{rad} \cdot \text{s}^{-1}])^2 = 63,2 \text{ N} \cdot \text{m}^{-1}$$

$$\frac{1}{2} k A^2 = 1,00 \text{ J}$$

$$63,2 [\text{N} \cdot \text{m}^{-1}] / 2 \cdot A^2 = 1,00 [\text{J}]$$

$$A = \sqrt{\frac{2 \cdot 1,00 [\text{J}]}{63,2 [\text{N} \cdot \text{m}^{-1}]}} = 0,178 \text{ m}$$

(Tomando só unha cifra significativa como nos datos “4 Hz”, o resultado sería: $A = 0,2 \text{ m}$)

b) No punto na que a $x = A / 4$, a enerxía potencial valerá:

$$E_p = \frac{1}{2} k x^2 = \frac{1}{2} k (A / 4)^2 = \frac{1}{2} k A^2 / 16 = 1,00 [\text{J}] / 16 = 6,32 \times 10^{-2} \text{ J}$$

e a enerxía cinética calcúlase por diferenza o ser unha forza conservativa e ser a enerxía mecánica constante

$$E_c = E - E_p = 1,00 [\text{J}] - 6,32 \times 10^{-2} [\text{J}] = 0,94 \text{ J}$$

(Tomando só unha cifra significativa como nos datos “4 Hz”, o resultado da enerxía potencial $E_p = 0,06 \text{ J}$ pero o da enerxía cinética non se podería calcular porque a diferenza $1 - 0,06$ non se pode facer por falta de cifras significativas. Poñeríase un resultado indeterminado, da orde de $E_c \approx 1 \text{ J}$)

9. Un resorte de masa desprezable estírase 10 cm cando se lle colga unha masa de 200 g. A continuación o sistema formado polo resorte e a masa estírase coa man outros 5 cm e se solta no instante $t = 0$ s. Calcula:

a) A ecuación do movemento que describe o sistema.

b) A enerxía cinética e potencial cando a elongación $y = 3$ cm.

Dato $g = 9,80 \text{ m/s}^2$

(P.A.U. Xuño 03)

Rta.: a) $y = 0,05 \cos(9,9t)$ [m]; b) $E_c = 15,7 \times 10^{-3} \text{ J}$; $E_p = 8,8 \times 10^{-3} \text{ J}$.

Datos

Masa que realiza o M.H.S.

Alongamento

Posición inicial

Amplitude (elongación máxima)

Incógnitas

Ecuación do movemento harmónico: ω : pulsación (frecuencia angular);

ϕ_0 : fase inicial

Energía cinética para $y = 3,00 \text{ cm} = 0,0300 \text{ m}$

Energía potencial para $y = 3,00 \text{ cm} = 0,0300 \text{ m}$

Outros símbolos

Constante elástica do resorte

Pulsación (frecuencia angular)

Fase inicial

Forza recuperadora elástica

Ecuacións

De movemento no M.H.S.

Relación entre a aceleración a e a elongación x

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

2ª lei de Newton

Energía potencial elástica

Energía cinética

Energía mecánica

Cifras significativas: 3

$m = 200 \text{ g} = 0,200 \text{ kg}$

$\Delta y = 10,0 \text{ cm} = 0,100 \text{ m}$

$y_0 = 5,00 \text{ cm} = 0,0500 \text{ m}$

$A = y_0 = 0,0500 \text{ m}$

y

E_c

E_p

k

$\omega = 2 \pi f$

ϕ_0

F

$y = A \sin(\omega t + \phi_0)$

$a = -\omega^2 y$

$F = -ky$

$\sum \vec{F} = m \vec{a}$

$E_p = \frac{1}{2} k y^2$

$E_c = \frac{1}{2} m v^2$

$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k A^2$

Solución:

a) Ao colgar a masa de 200 g, no equilibrio:

$$F = \text{Peso}$$

$$k \Delta y = mg$$

$$k \cdot 0,100 \text{ [m]} = 0,200 \text{ [kg]} 9,80 \text{ [m/s}^2\text{]}$$

$$k = 19,6 \text{ N/m}$$

Non movemento vertical, a forza resultante entre a forza recuperadora elástica e o peso é unha forza recuperadora do tipo $F = -ky$.

$$-k y = m a = m (-\omega^2 y)$$

$$k = m \omega^2$$

$$19,6 \text{ [N/m]} = 0,200 \text{ [kg]} \omega^2$$


$$\omega = 9,90 \text{ rad/s}$$

S.R. Orixe O: posición de equilibrio. Eixo $Y+$ vertical no sentido do alongamento (cara abaixo)

$$y = 0,0500 \sin(9,90 t + \phi_0) \text{ [m]}$$

Cando $t = 0$, $y_0 = A = 0,0500 \text{ m}$

$$0,0500 = 0,0500 \sin \phi_0$$



$$\varphi_0 = \pi / 2$$

$$y = 0,0500 \sin(9,90 t + \pi / 2) \text{ [m]}$$

Como $\sin(\varphi + \pi / 2) = \cos \varphi$, a ecuación pode escribirse máis curta:

$$y = 0,0500 \cos(9,90t) \text{ [m]}$$

b) Enerxía mecánica:

$$E = \frac{1}{2} 19,6 \text{ [N/m]} (0,0500 \text{ [m]})^2 = 0,0245 \text{ J}$$

Enerxía potencial para $y = 3 \text{ cm}$:

$$E_p = \frac{1}{2} k y^2 = \frac{1}{2} 19,6 \text{ [N/m]} (0,0300 \text{ [m]})^2 = 8,8 \times 10^{-3} \text{ J}$$

Enerxía cinética para $y = 3 \text{ cm}$

$$E_c = E - E_p = 0,0245 - 8,8 \times 10^{-3} = 15,7 \times 10^{-3} \text{ J}$$

10. Un resorte de masa desprezable estírase 0,1 m cando se lle aplica unha forza de 2,45 N. Fíxase no seu extremo libre unha masa de 0,085 kg e estírase 0,15 m ao longo dunha mesa horizontal a partir da súa posición de equilibrio e sóltase deixándoo oscilar libremente sen rozamento. Calcula:

a) A constante elástica do resorte e o período de oscilación.

b) A enerxía total asociada a oscilación e as enerxías potencial e cinética cando $x = 0,075 \text{ m}$.

(P.A.U. Xuño 04)

Rta.: a) $k = 24,5 \text{ N/m}$; $T = 0,37 \text{ s}$; b) $E = 0,28 \text{ J}$; $E_p = 0,07 \text{ J}$; $E_c = 0,21 \text{ J}$

Datos

Masa que realiza o M.H.S.

Forza aplicada.

Alongamento

Posición inicial

Amplitude (elongación máxima)

Incógnitas

Constante elástica do resorte

Período de oscilación

Enerxía mecánica

Enerxía cinética para $x = 0,0750 \text{ m}$

Enerxía potencial para $x = 0,0750 \text{ m}$

Outros símbolos

Elongación

Pulsación (frecuencia angular)

Fase inicial

Forza recuperadora elástica

Ecuacións

De movemento no M.H.S.

Relación entre a aceleración a e a elongación x

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

2ª lei de Newton

Enerxía potencial elástica

Enerxía cinética

Enerxía mecánica

Cifras significativas: 3

$m = 0,085 \text{ kg}$

$F_a = 2,45 \text{ N}$

$\Delta x = 0,100 \text{ m}$

$x_0 = 0,150 \text{ m}$

$A = x_0 = 0,150 \text{ m}$

k

T

E

E_c

E_p

x

$\omega = 2 \pi f = 2 \pi / T$

φ_0

F

$x = A \sin(\omega t + \varphi_0)$

$a = -\omega^2 x$

$F = -kx$

$\sum \vec{F} = m \vec{a}$

$E_p = \frac{1}{2} k x^2$

$E_c = \frac{1}{2} m v^2$

$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k A^2$

Solución:

a) No equilibrio a forza elástica contrarresta á forza aplicada

$$F_a = k \Delta x$$

$$2,45 \text{ [N]} = k \cdot 0,100 \text{ [m]}$$

$$k = 24,5 \text{ N/m}$$

Cando oscila, a forza resultante é a forza elástica.

$$-k x = m a = m (-\omega^2 x)$$

$$k = m \omega^2$$

$$24,5 \text{ [N/m]} = 0,085 \text{ [kg]} \omega^2$$

$$\omega = 17,0 \text{ rad/s} = 2 \pi f$$

$$f = 2,70 \text{ s}^{-1}$$

$$T = 1 / f = 0,370 \text{ s}$$

b)

$$E = \frac{1}{2} 24,5 \text{ [N/m]} (0,150 \text{ [m]})^2 = 0,276 \text{ J}$$

Energía potencial para $x = 0,075 \text{ m}$:

$$E_p = \frac{1}{2} k x^2 = \frac{1}{2} 24,5 \text{ [N/m]} (0,075 \text{ [m]})^2 = 6,89 \times 10^{-2} \text{ J}$$

Energía cinética para $x = 0,075 \text{ m}$:

$$E_c = E - E_p = 0,276 \text{ [J]} - 6,89 \times 10^{-2} \text{ [J]} = 0,207 \text{ J}$$

11. Unha masa de 0,01 kg realiza un movemento harmónico simple de ecuación $y = 5 \cos (2 t + \pi/6)$ (Magnitudes no S.I.). Calcula:

- Posición, velocidade e aceleración en $t = 1 \text{ s}$.
- Energía potencial en $y = 2 \text{ m}$.
- A enerxía potencial, é negativa nalgún instante?

(P.A.U. Xuño 07)

Rta.: a) $y_1 = -4,08 \text{ m}$; $v_1 = -5,79 \text{ m/s}$; $a_1 = 16,3 \text{ m/s}^2$; b) $E_p = 0,08 \text{ J}$

Datos

Masa que realiza o M.H.S.

Ecuación do movemento

Incógnitas

Posición en $t = 1,00 \text{ s}$.

Velocidade en $t = 1,00 \text{ s}$.

Aceleración en $t = 1,00 \text{ s}$.

Energía potencial en $y = 2,00 \text{ m}$

Outros símbolos

Elongación

Pulsación (frecuencia angular)

Fase inicial

Ecuacións

De movemento no M.H.S.

Relación entre a aceleración a e a elongación y

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

2ª lei de Newton

Energía potencial elástica

Energía cinética

Energía mecánica

Cifras significativas: 3

$m = 0,0100 \text{ kg}$

$y = 5,00 \cos (2,00t + \pi/6)$

y_1

v_1

a_1

E_p

y

$\omega = 2 \pi f = 2 \pi / T$

φ_0

$y = A \cos(\omega t + \varphi_0)$

$a = -\omega^2 \cdot y$

$F = -k \cdot y$

$\sum \vec{F} = m \vec{a}$

$E_p = \frac{1}{2} k \cdot y^2$

$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$

$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k A^2$

Solución:

a) A posición para $t = 1,00 \text{ s}$ obtense substituíndo o valor do tempo na ecuación de movemento:

$$y_1 = 5,00 \cos(2,00 \cdot 1,00 + \pi/6) = -4,08 \text{ m}$$

A velocidade é a derivada da posición con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dy}{dt} = \frac{d(5,00 \cos(2,00t + \pi/6))}{dt} = -5,00 \cdot 2,00 \sin(2,00t + \pi/6) = -10,0 \sin(2,00t + \pi/6) \text{ m/s}$$

Substituíndo o valor do tempo, $t = 1,00 \text{ s}$

$$v_1 = -10,0 \sin(2,00 \cdot 1,00 + \pi/6) = -5,79 \text{ m/s}$$

A aceleración é a derivada da velocidade con respecto ao tempo:

$$a = d \frac{v}{dt} = \frac{d(-10,0 \sin(2,00t + \pi/6))}{dt} = -10,0 \cdot 2,00 \cos(2,00t + \pi/6) = -20,0 \cos(2,00t + \pi/6) \text{ m/s}^2$$

Substituíndo o valor do tempo, $t = 1,00 \text{ s}$

$$a_1 = -20,0 \cos(2,00 \cdot 1,00 + \pi/6) = 16,3 \text{ m/s}^2$$

Análise: A posición inicial era $y_0 = 5,00 \cos(\pi/6) = 4,33 \text{ m}$ e movíase cara á orixe, xa que a velocidade inicial $v_0 = -10,0 \sin(\pi/6) < 0$. Como o período $T = 2\pi/\omega = 3,14 \text{ s}$, para $t = 1,00 \text{ s}$ aínda non describiu medio ciclo, polo que ten que atoparse nas zonas de elongacións negativas, polo que a aceleración $a = -\omega^2 y$ e ten que ser positiva. Con estes sinxelos cálculos non podemos determinar se a súa velocidade é cara á orixe (+) ou en sentido contrario.

b) Cando oscila, a forza resultante é unha forza elástica.

$$-k y = m a = m (-\omega^2 y)$$

$$k = m \omega^2$$

A enerxía potencial calcúlase da ecuación:

$$E_p = \frac{1}{2} k y^2 = \frac{1}{2} m \omega^2 y^2 = 0,0100 \text{ [kg]} (2,00 \text{ [rad/s]})^2 (2,00 \text{ [m]})^2 / 2 = 8,00 \times 10^{-2} \text{ J} = 0,0800 \text{ J}$$

Análise: A enerxía mecánica consérvase, ao ser a forza elástica unha forza conservativa, polo que a enerxía potencial elástica podería calcularse restando a enerxía cinética da enerxía mecánica:

$E_p = E - E_c$. Aínda que a enerxía mecánica pódese calcular facilmente sen coñecer a constante elástica, xa que: $E = E_{p \text{ máx}} = E_{c \text{ máx}} = \frac{1}{2} m v_{\text{máx}}^2$, calcular a enerxía cinética para $y = 2,00 \text{ m}$ é máis complicado e non compensa facelo.

c) Non, xa que a constante elástica é un número positivo e a elongación e , aínda que pode ser positiva ou negativa, está elevada ao cadrado, polo que a enerxía potencial elástica

$$E_p = \frac{1}{2} k y^2$$

é sempre positiva.

12. Dun resorte de 40 cm de lonxitude cólgase un peso de 50 g de masa e, alcanzado o equilibrio, a lonxitude do resorte é de 45 cm. Estírase coa man o conxunto masa-resorte 6 cm e sóltase.

Acha:

a) A constante do resorte.

b) A ecuación do M.H.S. que describe o movemento.

c) Deduce a ecuación da enerxía potencial elástica.

Dato: $g = 9,8 \text{ ms}^{-2}$

(P.A.U. Set. 07)

Rta.: a) $k = 9,8 \text{ N/m}$; b) $y = 0,060 \cos(14 t) \text{ [m]}$

Datos

Lonxitude inicial do resorte

Masa que colga

Lonxitude ao colgarlle os 50 g

Amplitude

Incógnitas

Constante elástica do resorte

Cifras significativas: 3

$L_0 = 40,0 \text{ cm} = 0,400 \text{ m}$

$m = 50,0 \text{ g} = 0,0500 \text{ kg}$

$L = 45,0 \text{ cm} = 0,450 \text{ m}$

$A = 6,0 \text{ cm} = 0,060 \text{ m}$

k

Incógnitas

Ecuación do movemento harmónico: ω : pulsación (frecuencia angular);

φ_0 : fase inicial

ω, φ_0

Ecuacións

De movemento no M.H.S.

Relación entre a aceleración a e a elongación y

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

2ª lei de Newton

$$y = A \sin(\omega t + \varphi_0)$$

$$a = -\omega^2 y$$

$$F = -ky$$

$$\Sigma \vec{F} = m \vec{a}$$

Solución:

a) Cando o sistema atópase en equilibrio a forza peso contrárestase coa forza elástica:

$$m \cdot g = k \cdot \Delta y$$

$$k = \frac{mg}{\Delta y} = \frac{0,0500 [\text{kg}] \cdot 9,8 [\text{m/s}^2]}{(0,450 - 0,400) [\text{m}]} = 9,8 \text{ N/m}$$

b) No movemento vertical, a forza resultante entre a forza elástica e o peso é unha forza recuperadora do tipo $F = -k \cdot y$

$$\Sigma \vec{F} = m \vec{a}$$

$$-k \cdot y = m \cdot a = m (-\omega^2 \cdot y)$$

$$k = m \cdot \omega^2$$

$$\omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{9,8 [\text{N} \cdot \text{m}^{-1}]}{0,0500 [\text{kg}]}} = 14 \text{ rad/s}$$

S.R. orixe Ou: posición de equilibrio. Eixo $Y+$ vertical no sentido do alongamento (cara abaixo).

$$y = 0,060 \sin(14 t + \varphi_0) [\text{m}]$$

Posición inicial: para $t = 0, y_0 = 0,060 \text{ m}$

$$0,060 = 0,060 \sin(14 \cdot 0 + \varphi_0)$$

$$\varphi_0 = \arcsin 1 = \pi/2 \text{ rad}$$

$$y = 0,060 \sin(14 t + \pi/2) [\text{m}]$$

polas equivalencias trigonométricas, pódese utilizar a ecuación equivalente:

$$y = 0,060 \cos(14 t) [\text{m}]$$

(Tomando como número de cifras significativas as do dato que menos ten «6 cm», o resultado non tería sentido xa que: 14 rad/s sería $\omega = 1 \cdot 10 = 10 \pm 10 \text{ rad/s}$ e ten un erro do 100%)



c) Para obter a ecuación de enerxía potencial elástica, sen cálculo integral, débuxase a gráfica F/y e admítase que o traballo da forza elástica entre a orixe e un punto calquera A de elongación y_A é a área baixo a gráfica, xa que para un desprazamento elemental dy o traballo da forza valería:

$$dW = F \cdot dy$$

a área elemental baixo a gráfica F/y .

$$W = -\Delta E_p$$

$$E_p = \frac{1}{2} k y^2$$



13. Unha masa de 5 gramos realiza un movemento harmónico simple de frecuencia 1 Hz e amplitude 10 cm. Se en $t = 0$ a elongación é a metade da amplitude, calcula:

- A ecuación do movemento.**
- A enerxía mecánica.**
- En que punto da traxectoria é máxima a enerxía cinética e en cales é máxima a enerxía potencial?**

(P.A.U. Xuño 09)

Rta.: a) $x = 0,100 \sin(2\pi \cdot t + \pi/6)$ [m]; b) $E = 9,87 \times 10^{-4}$ J; c) $E_{c \text{ máx}} \Rightarrow x = 0$; $E_{p \text{ máx}} \Rightarrow x = A$

Datos

Masa que realiza o M.H.S.

Amplitude

Posición inicial

Frecuencia

Incógnitas

Ecuación do movemento harmónico: ω : pulsación (frecuencia angular);

φ_0 : fase inicial

Enerxía mecánica

Outros símbolos

Constante elástica do resorte

Pulsación (frecuencia angular)

Fase inicial

Forza recuperadora elástica

Ecuacións

De movemento no M.H.S.

Relación entre a aceleración a e a elongación x

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

2ª lei de Newton

Enerxía potencial elástica

Enerxía cinética

Enerxía mecánica

Cifras significativas: 3

$m = 5,00 \text{ g} = 0,00500 \text{ kg}$

$A = 10,0 \text{ cm} = 0,100 \text{ m}$

$x_0 = A/2 = 0,0500 \text{ m}$

$f = 1,00 \text{ Hz}$

x

E

k

$\omega = 2\pi f$

φ_0

F

$x = A \sin(\omega t + \varphi_0)$

$a = -\omega^2 \cdot x$

$F = -k \cdot x$

$\sum \vec{F} = m \vec{a}$

$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$

$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$

$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k A^2$

Solución:

a) A ecuación dun M.H.S. é:

$$x = A \sin(\omega t + \varphi_0)$$

A amplitude é un dato: $A = 0,100 \text{ m}$. A frecuencia angular ω calcúlase a partir da frecuencia f :

$$\omega = 2\pi f = 2\pi \cdot 1 \text{ [Hz]} = 6,28 \text{ rad/s}$$

Para calcular a fase inicial φ_0 úsase o dato da posición inicial: Para $t = 0$, $x_0 = A/2 = 0,0500 \text{ m}$

$$A/2 = A \sin(\omega \cdot 0 + \varphi_0)$$

$$\sin \varphi_0 = 1/2$$

$$\varphi_0 = \arcsin(1/2)$$

que ten dúas solucións: $\varphi_{01} = \pi/6$ e $\varphi_{02} = 5\pi/6$

Necesitárase coñecer o sentido do movemento para poder elixir entre elas. A falta dese dato, elíxese arbitrariamente, por exemplo: $\varphi_{01} = \pi/6$, que corresponde ao desprazamento en sentido positivo.

A ecuación queda:

$$x = 0,100 \sin(2\pi \cdot t + \pi/6) \text{ [m]}$$

(Se se elixiu a ecuación $x = A \cos(\omega t + \varphi_0)$, tamén habería dúas solucións para a fase inicial: $\varphi_{01} = -\pi/3$ y $\varphi_{02} = \pi/3$)

b) A enerxía mecánica pode calcularse como a enerxía potencial máxima, a enerxía cinética máxima ou a suma das enerxías cinética e potencial en calquera instante:

$$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k A^2 = \frac{1}{2} m v_{\text{máx}}^2 = \frac{1}{2} k x^2 + \frac{1}{2} m v^2$$

Se se opta pola primeira, hai que calcular o valor da constante elástica k .
Usando a 2ª lei de Newton, tendo en conta que nun M.H.S. a aceleración recuperadora é proporcional á elongación, $a = -\omega^2 x$.

$$F = m a = -m \omega^2 x$$

Igualando esta con a lei de Hooke, supondo que a única forza que actúa é a forza elástica

$$F = -k \cdot x$$

$$-k \cdot x = -m \omega^2 \cdot x$$

$$k = m \omega^2 = 0,00500 \text{ [kg]} \cdot (6,28 \text{ rad/s})^2 = 0,197 \text{ N/m}$$

Enerxía mecánica:

$$E = \frac{1}{2} 0,197 \text{ [N/m]} (0,0500 \text{ [m]})^2 = 9,87 \times 10^{-4} \text{ J}$$

Poderíase calcular a enerxía mecánica como a enerxía cinética máxima. A velocidade nun instante é a derivada da posición con respecto ao tempo. Derivando a ecuación de movemento queda:

- Os valores de t para os que un punto situado en $x = 10$ m ten velocidade máxima.
- Que tempo ha de transcorrer para que a onda percorra unha distancia igual a 3λ ?
- É estacionaria esta onda?

(P.A.U. Xuño 07)

Rta.: a) $t_a = 4,3 + 0,63 n$ [s], ($n = 0, 1, 2 \dots$); b) $t_b = 3,8$ s

Datos

Ecuación da onda

Posición do punto (distancia ao foco)

Incógnitas

Tempos para os que un punto situado en $x = 10$ m ten velocidade máxima

Tempo para que a onda percorra unha distancia igual a 3λ

Outros símbolos

Período

Lonxitude de onda

Ecuacións

Dunha onda harmónica unidimensional

Relación entre a pulsación ω e o período T

Relación entre o número de onda k e a lonxitude de onda

Frecuencia

Relación entre a lonxitude de onda λ , a frecuencia f e a velocidade de propagación v_p

Cifras significativas: 2

$$y(t, x) = 0,050 \cos(5,0 \cdot t - 2,0 \cdot x)$$

$$x = 10 \text{ m}$$

$$t_a$$

$$t_b$$

$$T$$

$$\lambda$$

$$y = A \cos(\omega t - kx)$$

$$\omega = 2\pi / T$$

$$k = 2\pi / \lambda$$

$$f = 1 / T$$

$$v_p = \lambda f$$

Solución:

a) A velocidade dunha partícula do medio é a derivada da súa posición con respecto ao tempo

$$v = dy / dt = -0,050 \cdot 5,0 \cdot \sin(5,0t - 2,0x) = -0,25 \sin(5,0t - 2,0x) \text{ [m/s]}$$

que é máxima cando $\sin \varphi = 1$.

$$v_{\text{MÁX}} = 0,25 \text{ m/s}$$

Este valor do seo corresponde a un ángulo de $\varphi = \pi/2$ ou $3\pi/2$ [rad] na primeira circunferencia, e, en xeral

$$\varphi = n\pi + \pi/2 \text{ [rad]}$$

sendo n un número natural ($n = 0, 1, 2, \dots$)

Igualando e substituíndo $x = 10$ m

$$(5,0t - 20) = n\pi + \pi/2$$

$$t_a = 4,0 + 0,20 n\pi + \pi/10 = 4,3 + 0,63 n \text{ [s]}, (n = 0, 1, 2 \dots)$$

Análise: A primeira vez que a velocidade é máxima para $x = 10$ m é ($n = 0$) para $t = 4,3$ s. Como o período é $T = 1,3$ s, volverá ser máximo cada vez que pase polo punto de equilibrio, ou sexa, cada medio período: 0,63 s.

b) Pódese definir o período como o tempo que tarda unha onda en percorrer unha distancia igual á lonxitude de onda polo que o tempo necesario para que a onda percorra unha distancia igual a 3λ , será o triplo do período:

$$t_b = 3 \cdot T$$

Comparando a ecuación dunha onda coa do dato:

$$y = A \cos(\omega t - kx)$$

$$y(t,x) = 0,05 \cos(5,0 \cdot t - 2,0 \cdot x)$$

a pulsación vale:

$$\omega = 5,0 \text{ rad/s}$$

e o período:

$$T = 2\pi / \omega = 2\pi / 5,0 = 1,3 \text{ s}$$

Polo tanto o tempo necesario para que a onda percorra unha distancia igual a 3λ vale:

$$t_b = 3 \cdot T = 3,8 \text{ s}$$

Da ecuación da onda, podemos calcular a lonxitude de onda λ a partir do valor do número de onda

$$\lambda = 2\pi / k = 2\pi / 2,0 = 3,1 \text{ m}$$

e a velocidade v_p de propagación da onda polo medio:

$$v_p = \lambda f = \lambda / T = 3,1 \text{ [m]} / 1,3 \text{ [s]} = 2,5 \text{ m/s}$$

e o tempo que tarda en percorrer unha distancia igual a $3\lambda = 9,4 \text{ m}$

$$t_b = 9,4 \text{ [m]} / [2,5 \text{ m/s}] = 3,8 \text{ s}$$

c) As ondas estacionarias non se propagan e non hai unha transmisión neta de enerxía. Nas ondas estacionarias existen uns puntos, chamados nodos, que non oscilan. A súa elongación é nula en todo instante. A onda do enunciado non é onda estacionaria xa que non existe ningún punto da onda que sexa un nodo e teña unha elongación nula en calquera instante.

13. A ecuación dunha onda é $y(t, x) = 0,2 \sin \pi (100 t - 0,1 x)$. Calcula:

- A frecuencia, o número de ondas k , a velocidade de propagación e a lonxitude de onda.**
- Para un tempo fixo t , que puntos da onda están en fase co punto que se atopa en $x = 10 \text{ m}$?**
- Para unha posición fixa x , para que tempos o estado de vibración dese punto está en fase coa vibración para $t = 1 \text{ s}$?**

(P.A.U. Xuño 10)

Rta.: a) $f = 50 \text{ Hz}$; $k = 0,31 \text{ rad/m}$; $v = 1,0 \times 10^3 \text{ m/s}$; $\lambda = 20 \text{ m}$; b) $x = 10 + 20 n$; c) $t = 1,0 + 0,020 n$

Datos

Ecuación da onda
Posición do punto
Tempo de referencia

Cifras significativas: 2

$y(t,x) = 0,20 \sin \pi(100t - 0,10x)$
 $x = 10 \text{ m}$
 $t = 1,0 \text{ s}$

Incógnitas

Frecuencia
Número de ondas
Velocidade de propagación
Lonxitude de onda
Puntos da onda que están en fase co punto que se atopa en $x = 10 \text{ m}$
Tempos nos que o estado de vibración está en fase coa vibración para $t = 1 \text{ s}$

f
 k
 v_p
 λ

x

Outros símbolos

Pulsación (frecuencia angular)
Número de onda

ω
 k

Ecuacións

Dunha onda harmónica unidimensional
Relación entre a frecuencia f e a frecuencia angular ω
Relación entre a lonxitude de onda λ e o número de onda k
Relación entre a lonxitude de onda λ , a frecuencia f e a velocidade de propagación v_p

$y = A \cos(\omega t - kx)$
 $\omega = 2\pi f$
 $k = 2\pi / \lambda$
 $v_p = \lambda f$

Solución:

a) Comparando a ecuación dunha onda coa do dato, e supondo que as unidades son as do S.I.:

$$y = A \sin(\omega t - k x)$$

$$y = 0,20 \sin \pi(100 t - 0,10 x)$$

Pulsación (frecuencia angular) $\omega = 100 \pi \text{ rad/s}$

Número de onda: $k = 0,10 \pi \text{ rad/m}$

Calcúlase agora a lonxitude de onda e a frecuencia para determinar a velocidade de propagación.

Frecuencia: $f = \omega / 2 \pi = 100 \pi [\text{rad/s}] / 2 \pi [\text{rad}] = 50 \text{ s}^{-1} = 50 \text{ Hz}$

Lonxitude de onda: $\lambda = 2 \pi / k = 2 \pi [\text{rad}] / 0,10 \pi [\text{rad/m}] = 20 \text{ m}$

Velocidade de propagación: $v_p = \lambda \cdot f = 20 [\text{m}] \cdot 50 [\text{s}^{-1}] = 1,0 \times 10^3 \text{ m/s}$

b) Dous puntos atópanse en fase cando a diferenza de fase é múltiplo de 2π :

$$\Delta\varphi = 2\pi n \text{ (sendo } n = 0, 1, 2, \dots)$$

$$\Delta\varphi = [\pi(100 t - 0,10 x_2)] - [\pi(100 t - 0,10 x_1)] = 0,10\pi(x_1 - x_2) = 2\pi n$$

$$x_1 = 20 n + x_2 = 10 + 20 n [\text{m}]$$

Análise: Os puntos que están en fase atópanse a unha distancia que é múltiplo da lonxitude de onda, $\Delta x = 20 n [\text{m}]$

c)

$$\Delta\varphi = [\pi(100 t_2 - 0,10 x)] - [\pi(100 t_1 - 0,10 x)] = 100\pi(t_2 - t_1) = 2\pi n$$

$$t_2 = 0,020 n + t_1 = 1,0 + 0,20 n [\text{s}]$$

Análise: Os instantes en que están en fase son múltiplos do período que é o inverso da frecuencia, $\Delta t = 1 / f = 0,020 n [\text{s}]$

14. Unha onda harmónica propágase en dirección x con velocidade $v = 10 \text{ m/s}$, amplitude $A = 3 \text{ cm}$ e frecuencia $f = 50 \text{ s}^{-1}$. Calcula:

a) A ecuación da onda.

b) A velocidade e aceleración máxima dun punto da traxectoria.

c) Para un tempo fixo t , que puntos da onda están en fase co punto $x = 10 \text{ m}$?

(P.A.U. Set. 10)

Rta.: a) $y = 0,030 \sin(100\pi t - 10\pi x) [\text{m}]$; b) $v_{\max} = 9,42 \text{ m/s}$; $a_{\max} = 2,96 \times 10^3 \text{ m/s}^2$; c) $x' = 10 + 0,2 n$

Datos

Ecuación da onda

Posición do punto

Tempo de referencia

Incógnitas

Frecuencia

Número de ondas

Velocidade de propagación

Lonxitude de onda

Puntos da onda que están en fase co punto que se atopa en $x = 10 \text{ m}$

Tempos nos que o estado de vibración está en fase coa vibración para $t = 1 \text{ s}$

Outros símbolos

Pulsación (frecuencia angular)

Número de onda

Ecuacións

Dunha onda harmónica unidimensional

Relación entre a frecuencia f e a frecuencia angular ω

Relación entre a lonxitude de onda λ e o número de onda k

Relación entre a lonxitude de onda λ , a frecuencia f e a velocidade de propagación v_p

Cifras significativas: 2

$$y(t, x) = 0,20 \sin \pi(100t - 0,10x)$$

$$x = 10 \text{ m}$$

$$t = 1,0 \text{ s}$$

$$f$$

$$k$$

$$v_p$$

$$\lambda$$

$$x$$

$$\omega$$

$$k$$

$$y = A \cos(\omega t - k x)$$

$$\omega = 2 \pi f$$

$$k = 2 \pi / \lambda$$

$$v_p = \lambda f$$

Solución:

a) Comparando a ecuación dunha onda coa do dato, e supondo que as unidades son as do S.I.:

$$y = A \sin(\omega t - kx)$$

$$y = 0,20 \sin \pi(100 t - 0,10 x)$$

Pulsación (frecuencia angular) $\omega = 100 \pi \text{ rad/s}$

Número de onda: $k = 0,10 \pi \text{ rad/m}$

Calcúlase agora a lonxitude de onda e a frecuencia para determinar a velocidade de propagación.

Frecuencia: $f = \omega / 2 \pi = 100 \pi [\text{rad/s}] / 2 \pi [\text{rad}] = 50 \text{ s}^{-1} = 50 \text{ Hz}$

Lonxitude de onda: $\lambda = 2 \pi / k = 2 \pi [\text{rad}] / 0,10 \pi [\text{rad/m}] = 20 \text{ m}$

Velocidade de propagación: $v_p = \lambda \cdot f = 20 [\text{m}] \cdot 50 [\text{s}^{-1}] = 1,0 \times 10^3 \text{ m/s}$

b) Dous puntos atópanse en fase cando a diferenza de fase é múltiplo de 2π :

$$\Delta\varphi = 2\pi n \text{ (sendo } n = 0, 1, 2, \dots)$$

$$\Delta\varphi = [\pi(100 t - 0,10 x_2)] - [\pi(100 t - 0,10 x_1)] = 0,10\pi(x_1 - x_2) = 2\pi n$$

$$x_1 = 20 n + x_2 = 10 + 20 n [\text{m}]$$

Análise: Os puntos que están en fase atópanse a unha distancia que é múltiplo da lonxitude de onda, $\Delta x = 20 n [\text{m}]$

c)

$$\Delta\varphi = [\pi(100 t_2 - 0,10 x)] - [\pi(100 t_1 - 0,10 x)] = 100\pi(t_2 - t_1) = 2\pi n$$

$$t_2 = 0,020 n + t_1 = 1,0 + 0,020 n [\text{s}]$$

Análise: Os instantes en que están en fase son múltiplos do período que é o inverso da frecuencia, $\Delta t = 1 / f = 0,020 n [\text{s}]$

♦ CUESTIÓNS

● M.H.S.

1. Nun movemento harmónico simple, o sentido da forza recuperadora apunta sempre cara ao o de equilibrio. O seu valor:

A) É constante.

B) É sinusoidal como a elongación.

C) É proporcional á elongación.

(P.A.U. Xuño 97)

Solución: B ou C

C. A forza recuperadora é proporcional á elongación, como vén expresada na lei de Hooke.

$$F = -kx$$

na que k é a constante recuperadora do resorte.

B. É sinusoidal como a elongación é correcta xa que a ecuación da elongación é

$$x = A \sin(\omega t + \varphi)$$

sinusoidal. Da lei de Hooke pode escribirse que

$$F = -k \cdot x = -k \cdot A \sin(\omega t + \varphi)$$

que é tamén sinusoidal, pero oposta á da elongación.

2. Un obxecto realiza un M.H.S., cales das seguintes magnitudes son proporcionais entre si?:

- A) A elongación e a velocidade.
- B) A forza recuperadora e a velocidade.
- C) A aceleración e a elongación.

(P.A.U. Set. 06)

Solución: C

Por definición, un obxecto realiza un movemento harmónico simple cando a aceleración recuperadora é proporcional á separación da posición de equilibrio.

$$a = -\omega^2 x$$

Isto é equivalente a dicir que a ecuación de movemento é de tipo sinusoidal ou cosenoidal.

$$x = A \sin(\omega t + \varphi_0)$$

Derivando.

$$v = \frac{dx}{dt} = \frac{d A \sin(\omega t + \varphi_0)}{dt} = A \omega \cos(\omega t + \varphi_0)$$

e volvendo a derivar

$$a = \frac{dv}{dt} = \frac{d A \omega \cos(\omega t + \varphi_0)}{dt} = -A \omega^2 \cos(\omega t + \varphi_0) = -\omega^2 x$$

3. Nun oscilador harmónico cúmprese que:

- A) A velocidade v e a elongación x son máximas simultaneamente.
- B) O período de oscilación T depende da amplitude A .
- C) A enerxía total E_T se cuadriplica cando se duplica a frecuencia.

(P.A.U. Xuño 12)

Solución: C

A forza recuperadora é unha forza conservativa (o traballo que realiza entre dous puntos é independente do camiño seguido) e dá lugar a unha enerxía potencial en cada punto de elongación x cuxa expresión é:

$$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

Ao ser unha forza conservativa, a enerxía mecánica valerá o mesmo para calquera elongación: é constante.

$$E = E_c + E_p = \frac{1}{2} m \cdot v^2 + \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

Para o punto de equilibrio:

$$E_T = E_c + E_p = \frac{1}{2} m v_{\text{máx}}^2 + \frac{1}{2} k \cdot 0^2 = \frac{1}{2} m \cdot v_{\text{máx}}^2$$

$$E_T = \frac{1}{2} m \cdot v_{\text{máx}}^2$$

Por definición, un obxecto realiza un movemento harmónico simple cando a aceleración recuperadora é proporcional á separación da posición de equilibrio.

$$a = -\omega^2 \cdot x$$

Isto é equivalente a dicir que a ecuación de movemento é de tipo senoidal ou cosenoidal.

$$x = A \cdot \sin(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

Derivando.

$$v = \frac{dx}{dt} = \frac{d(A \cdot \sin(\omega t + \varphi_0))}{dt} = A \cdot \omega \cdot \cos(\omega t + \varphi_0)$$

A velocidade é máxima cando o $\cos(\omega t + \varphi_0) = 1$

$$v_{\text{máx}} = A \cdot \omega$$

A pulsación ou fase angular, ω está relacionada coa frecuencia f pola expresión

$$\omega = 2 \pi f$$

Substituíndo na ecuación da enerxía total

$$E_T = \frac{1}{2} m \cdot v_{\max}^2 = \frac{1}{2} m \cdot (A 2 \pi f)^2 = 2 \pi m A^2 f^2$$

vese que é directamente proporcional ao cadrado da frecuencia. Si a frecuencia faise o dobre, a enerxía total se cuadriplica.

As outras opcións:

A: falsa. Como se dixo antes, a velocidade máxima cando o coseno da fase é 1 ($\varphi = 0$ ó $\varphi = \pi$). Da expresión da elongación x , vese que a amplitude é máxima cando o seno da fase é 1 ($\varphi = \pi/2$ ó $\varphi = 3\pi/2$)

B: falsa. A forza recuperadora elástica é:

$$F = -k \cdot x$$

Si só actúa esta forza elástica, pola 2ª lei de Newton:

$$-k \cdot x = m \cdot a$$

Para obter a expresión da aceleración dérivanse a expresión da velocidade:

$$a = \frac{dv}{dt} = \frac{d(A \cdot \omega \cdot \cos(\omega t + \varphi_0))}{dt} = -A \cdot \omega^2 \cdot \cos(\omega t + \varphi_0) = -\omega^2 x$$

Substituíndo na expresión anterior:

$$-k \cdot x = m \cdot a = m (-\omega^2 \cdot x)$$

queda

$$k = m \cdot \omega^2$$

A pulsación ou fase angular, ω está relacionada co período T pola expresión

$$\omega = \frac{2\pi}{T}$$

Substituíndo queda

$$k = m \cdot \omega^2 = \frac{4\pi^2 m}{T^2}$$

Despexando o período:

$$T = 2\pi \sqrt{\frac{m}{k}}$$

O período depende da masa e da constante elástica do resorte, pero non da amplitude.

4. Un punto material describe un movemento harmónico simple de amplitude A . Cal das seguintes afirmacións é correcta?:

A) A enerxía cinética é máxima cando a elongación é nula.

B) A enerxía potencial é constante.

C) A enerxía total depende da elongación x .

(P.A.U. Set. 12)

Solución: A

A ecuación dun movemento harmónico simple é:

$$x = A \cdot \sin(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

onde x é a elongación (separación da posición de equilibrio), A é a amplitude (máxima elongación), ω é a constante harmónica, t é o tempo e φ_0 é a fase inicial.

Derivando obtense a expresión da velocidade:

$$v = \frac{dx}{dt} = \frac{d(A \cdot \sin(\omega t + \varphi_0))}{dt} = A \cdot \omega \cdot \cos(\omega t + \varphi_0)$$

A velocidade é máxima cando o $\cos(\omega t + \varphi_0) = 1$.

Como a enerxía cinética é

$$E_c = \frac{1}{2} m v^2$$

tamén será máxima nese caso.

Cando o coseno dun ángulo é 1, o seno dese ángulo vale 0.

Si o seno do ángulo vale 0, a elongación tamén vale 0. Polo tanto a enerxía cinética é máxima cando a elongación x é nula

As outras opcións:

B: Falsa. A forza que produce un movemento harmónico simple é unha forza conservativa (o traballo que realiza entre dous puntos é independente do camiño seguido) e dá lugar a unha enerxía potencial en cada punto de elongación x cuxa expresión é:

$$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

que depende do valor da elongación.

C: Falsa. Ao ser unha forza conservativa, a enerxía mecánica vale o mesmo en calquera elongación: é constante.

- 5. A enerxía mecánica total dun oscilador harmónico:**
A) Duplícase cando se duplica a amplitude da oscilación.
B) Duplícase cando se duplica a frecuencia da oscilación.
C) Cuadruplicase cando se duplica a amplitude da oscilación.

(P.A.U. Set. 96)

Solución: C

A enerxía dun oscilador harmónico vén dada pola expresión

$$E = \frac{1}{2} k A^2$$

k é a constante elástica do resorte

A é a amplitude da oscilación.

polo que se cuadruplica cando se duplica a amplitude da oscilación

- 6. A enerxía mecánica dun oscilador harmónico simple é función de:**
A) A velocidade.
B) A aceleración.
C) É constante.

(P.A.U. Xuño 08)

Solución: C

Un oscilador harmónico é aquel no que a posición cumpre a ecuación:

$$x = A \sin(\omega t + \varphi)$$

que é equivalente a dicir que está sometido a unha forza recuperadora proporcional e de sentido contrario á separación da posición de equilibrio.

$$F = -k x$$

onde k é a constante elástica do oscilador.

Esta é unha forza conservativa (o traballo que realiza entre dous puntos é independente do camiño seguido) e dá lugar a unha enerxía potencial en cada punto de elongación x cuxa expresión é:

$$E_p = \frac{1}{2} k x^2$$


Ao ser unha forza conservativa, a enerxía mecánica valerá o mesmo para calquera elongación: é constante.

$$E = E_c + E_p = \frac{1}{2} m v^2 + \frac{1}{2} k x^2$$

Para a elongación máxima ou amplitude:

$$E = E_c + E_p = \frac{1}{2} m 0^2 + \frac{1}{2} k A^2 = \frac{1}{2} k A^2$$

$$E = \frac{1}{2} k A^2$$



7. Se un oscilador harmónico atópase nun instante dado nunha posición x que é igual a metade da súa amplitude ($x = A/2$), a relación entre a enerxía cinética e potencial é:

- A) $E_c = E_p$
- B) $E_c = 2 E_p$
- C) $E_c = 3 E_p$

(P.A.U. Set. 04)

Solución: C

A enerxía potencial dun oscilador harmónico cando a elongación vale x é:

$$E_p = \frac{1}{2} k x^2$$

onde k é a constante elástica do oscilador.

Como a enerxía cinética é:

$$E_c = \frac{1}{2} m v^2$$

a enerxía mecánica do oscilador vale:

$$E = E_c + E_p = \frac{1}{2} m v^2 + \frac{1}{2} k x^2$$

Para a elongación máxima ou amplitude:

$$E = E_c + E_p = \frac{1}{2} m 0^2 + \frac{1}{2} k A^2 = \frac{1}{2} k A^2$$

Como a forza elástica é unha forza conservativa a enerxía mecánica é unha constante e valerá o mesmo para calquera elongación. Polo tanto:

$$E = \frac{1}{2} k A^2$$

Para o caso no que $x = A / 2$,


$$E_p = \frac{1}{2} k x^2 = \frac{1}{2} k (A / 2)^2 = \frac{1}{4} (\frac{1}{2} k A^2) = \frac{1}{4} E$$

$$E_c = E - E_p = E - \frac{1}{4} E = \frac{3}{4} E$$

Vese que $E_c = 3 E_p$

● PÉNDULO

1. Nun péndulo simple indica cal das seguintes gráficas se axusta correctamente á relación enerxía/elongación:



(P.A.U. Set. 03)

Solución: C

Un péndulo sinxelo pode asimilarse a un oscilador harmónico. Nun oscilador harmónico a enerxía total do mesmo permanece constante e independente da elongación, sendo o seu valor $E = \frac{1}{2} k A^2$.

A gráfica A) sería incorrecta pois o máximo valor da enerxía potencial sería cando $x = A$. Cando $x = 0$ a enerxía potencial sería nula.

A gráfica B) tamén é incorrecta pois a enerxía cinética máxima sería para $x = 0$ ao pasar polo punto central do movemento.

● ONDAS

1. Nun movemento ondulatorio que se propaga a velocidade constante, a frecuencia e a lonxitude de onda:

A) Son independentes.

B) Están relacionadas.

C) Están relacionadas só se a onda se propaga nun medio material.

(P.A.U. Set. 98)

Solución: B


A relación entre a lonxitude de onda, λ , e a frecuencia, f , é: $\lambda \cdot f = v$, no que v é a velocidade de propagación da onda. A lonxitude de onda é inversamente proporcional á frecuencia.

Cando un foco F está emitindo unha onda, nun tempo igual ao período T , a onda desprázase unha distancia igual á lonxitude de onda. O punto P alcanzado pola onda nese tempo oscilará en fase co foco.

$$\lambda = v T = v / f$$

As outras opcións:

C: tanto nas ondas materiais (como o son), como nas lonxitudinais (como a luz), é válida a relación anterior.



2. Considéranse dúas ondas de radio, unha en onda media (AM) de 1000 kHz e outra en frecuencia modulada (FM) de 100 MHz.

A) A onda de AM ten maior lonxitude de onda ca de FM.

B) A onda de AM ten menor lonxitude ca de FM.

C) Todas as ondas de radio teñen igual lonxitude de onda.

(P.A.U. Xuño 96)

Solución: A

Todas as ondas electromagnéticas, incluídas as de radio, propáganse no baleiro á velocidade da luz $c = 3 \times 10^8$ m/s que é constante. A relación entre a lonxitude de onda, λ , e a frecuencia, f , é: $\lambda \cdot f = c$.

A lonxitude de onda é inversamente proporcional á frecuencia. Como a onda de AM ten menor frecuencia ca de FM ($1\,000\text{ kHz} (= 1\text{ MHz}) < 100\text{ MHz}$), a súa lonxitude de onda é maior. Concretamente:

$$\lambda (\text{AM}) = c / f = 3 \times 10^8 [\text{m/s}] / 1\,000 \times 10^3 [\text{Hz}] = 300\text{ m}$$

$$\lambda (\text{FM}) = c / f = 3 \times 10^8 [\text{m/s}] / 100 \times 10^6 [\text{Hz}] = 3\text{ m}$$

3. Se a ecuación de propagación dun movemento ondulatorio é $y(x, t) = 2 \sin(8\pi t - 4\pi x)$ (S.I.); a súa velocidade de propagación é:

- A) 2 m/s
- B) 32 m/s
- C) 0,5 m/s

(P.A.U. Xuño 08)

Solución: A

A ecuación dunha onda harmónica unidimensional pode escribirse como:

$$y = A \sin(\omega t \pm kx)$$

Na que

y é a elongación do punto que oscila (separación da posición de equilibrio)

A é a amplitude (elongación máxima)

ω é a frecuencia angular que está relacionada coa frecuencia f por $\omega = 2\pi f$.

t é o tempo

k é o número de onda, a cantidade de ondas que entran nunha lonxitude de 2π metros. Está relacionada coa lonxitude de onda λ por $k = 2\pi / \lambda$

x é a distancia do punto ao foco emisor.

O signo $\pm$ entre ωt e kx é negativo se a onda propágase en sentido positivo do eixo X , e positivo se o fai en sentido contrario.

A velocidade de propagación dunha onda é

$$c = \lambda \cdot f = (2\pi / k) \cdot (\omega / 2\pi) = \omega / k = (8\pi [\text{rad/s}]) / (4\pi [\text{rad/m}]) = 2\text{ m/s}$$

4. Cal das expresións propostas representa unha onda transversal que se propaga no sentido positivo do eixe x cunha velocidade de 5 m s^{-1} , ten unha amplitude de 1 m e unha frecuencia de 10 Hz ?

- A) $y = \cos 2\pi(10t - 5x)$
- B) $y = \cos 2\pi(10t + 5x)$
- C) $y = \cos 4\pi(5t - x)$

(P.A.U. Xuño 00)

Solución: C

A ecuación dunha onda harmónica unidimensional pode escribirse como:

$$y = A \cos 2\pi \left(\frac{t}{T} \pm \frac{x}{\lambda} \right)$$

Na que

y é a elongación do punto que oscila (separación da posición de equilibrio)

A é a amplitude (elongación máxima)

T é o período ($T = 1/f$, sendo f a frecuencia, o número de ondas que pasa por un punto na unidade de tempo)

λ é a lonxitude de onda (distancia mínima entre dous puntos que se atopan en fase)

t é o tempo e

x é a distancia do punto ao foco emisor.

O signo $\pm$ entre t/T e x/λ é negativo se a onda propágase en sentido positivo do eixo X , e positivo se o fai en sentido contrario.

As tres ecuacións son válidas para unha onda transversal de amplitude 1 m , pero a opción B desprázase en sentido negativo do eixo X .

As opcións A e C teñen unha frecuencia de 10 Hz, aínda que para velo é mellor escribir a ecuación C

$$y = \cos 2\pi(10 t - 2 x)$$

pero só a opción C ten unha velocidade de 5 m/s, xa que a velocidade de propagación dunha onda é

$$v = \lambda \cdot f = 1/2 \text{ [m]} \cdot 10 \text{ [Hz]} = 5 \text{ m/s}$$

5. A ecuación dunha onda transversal de amplitude 4 cm e frecuencia 20 Hz que se propaga no sentido negativo do eixe X cunha velocidade de 20 m·s⁻¹ é:

- A) $y(x,t) = 4 \cdot 10^{-2} \cos \pi (40 t + 2 x) \text{ [m]}$
 B) $y(x,t) = 4 \cdot 10^{-2} \cos \pi (40 t - 2 x) \text{ [m]}$
 C) $y(x,t) = 4 \cdot 10^{-2} \cos 2 \pi (40 t + 2 x) \text{ [m]}$

(P.A.U. Set. 13)

Solución: A

A ecuación dunha onda harmónica unidimensional pode escribirse como:

$$y = A \cdot \sin(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

Na que

y é a elongación do punto que oscila (separación da posición de equilibrio)

A é a amplitude (elongación máxima)

ω é a frecuencia angular que está relacionada coa frecuencia f por $\omega = 2 \pi \cdot f$

t é o tempo

k é o número de onda, a cantidade de ondas que entran nunha lonxitude de 2π metros. Está relacionada coa lonxitude de onda λ por $k = 2 \pi / \lambda$

x é a distancia do punto ao foco emisor.

O signo $\pm$ entre $\omega \cdot t$ e $k \cdot x$ é negativo se a onda propágase en sentido positivo do eixe X , e positivo se o fai en sentido contrario.

Como di que se propaga en sentido negativo do eixe X podemos descartar a opción B.

A frecuencia angular ω da ecuación da opción A é $\omega_A = \pi \cdot 40 \text{ [rad/s]}$, que corresponde a unha frecuencia de 20 Hz.

$$f_A = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{40\pi \text{ [rad/s]}}{2\pi \text{ [rad]}} = 20 \text{ s}^{-1}$$

6. A ecuación dunha onda é $y = 0,02 \sin (50 t - 3 x)$. Isto significa que:

- A) $\omega = 50 \text{ rad} \cdot \text{s}^{-1}$ e $\lambda = 3 \text{ m}$.
 B) A velocidade de propagación $u = 16,67 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$ e a frecuencia $f = 7,96 \text{ s}^{-1}$.
 C) $T = 50 \text{ s}$ e o número de onda $k = 3 \text{ m}^{-1}$.

(P.A.U. Xuño 12)

Solución: B

A ecuación dunha onda harmónica unidimensional pode escribirse como:

$$y = A \cdot \sin(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

Na que

y é a elongación do punto que oscila (separación da posición de equilibrio)

A é a amplitude (elongación máxima)

ω é a frecuencia angular que está relacionada coa frecuencia f por $\omega = 2 \pi \cdot f$.

t é o tempo

k é o número de onda, a cantidade de ondas que entran nunha lonxitude de 2π metros. Está relacionada coa lonxitude de onda λ por $k = 2 \pi / \lambda$

x é a distancia do punto ao foco emisor.

O signo $\pm$ entre $\omega \cdot t$ e $k \cdot x$ é negativo si a onda propágase en sentido positivo do eixe X , e positivo si faio en sentido contrario.

A velocidade u de propagación dunha onda é $u = \lambda \cdot f$

Comparando a ecuación xeral coa do problema obtemos:

$$A = 0,02 \text{ m}$$

$$\omega = 50 \text{ rad/s}$$

$$k = 3 \text{ rad/m}$$

Para elixir a opción correcta calculamos algúns dos parámetros da ecuación (usando 2 cifras significativas)

$$\lambda = \frac{2\pi}{k} = \frac{2\pi[\text{rad}]}{3,0[\text{rad/m}]} = 2,1 \text{ m}$$

que nos permite descartar a opción A.

$$f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{50[\text{rad/s}]}{2\pi[\text{rad}]} = 8,0 \text{ s}^{-1} = 8,0 \text{ Hz}$$

$$u = \lambda \cdot f = 2,1 [\text{m}] \cdot 8,0 [\text{s}^{-1}] = 17 \text{ m/s}$$

que coincide coa opción B (si redondeamos os valores que aparecen en devandita opción ás cifras significativas que hai que usar)

A opción C non é correcta porque a frecuencia é a inversa do período:

$$T = \frac{1}{f} = \frac{1}{8,0[\text{s}^{-1}]} = 0,13 \text{ s}$$

7. A enerxía que transporta unha onda é proporcional:

A) Á frecuencia.

B) Á amplitude.

C) Ós cadrados da frecuencia e amplitude.

(P.A.U. Set. 00)

Solución: C

A enerxía que transporta unha onda material harmónica unidimensional é a suma da cinética e de potencial:

$$E = E_C + E_P = \frac{1}{2} m v^2 + \frac{1}{2} k x^2 = \frac{1}{2} k A^2 = \frac{1}{2} m v_{\text{máxima}}^2$$

A ecuación da onda harmónica unidimensional é

$$y = A \cos(\omega \cdot t - k \cdot x)$$

Derivando con respecto ao tempo:

$$v = dy / dt = -A \cdot \omega \sin(\omega \cdot t - k \cdot x)$$

que é máxima cando $-\sin(\omega \cdot t - k \cdot x) = 1$,

$$v_{\text{máxima}} = A \cdot \omega$$

Substituíndo na ecuación da enerxía:

$$E = \frac{1}{2} m v_{\text{máxima}}^2 = \frac{1}{2} m \cdot A^2 \cdot \omega^2$$

Tendo en conta que a pulsación ω ou frecuencia angular é proporcional á frecuencia f : $\omega = 2\pi f$

$$E = \frac{1}{2} m \cdot A^2 \omega^2 = \frac{1}{2} m A^2 (2\pi f)^2 = 2\pi^2 m A^2 f^2$$

A enerxía que transporta unha onda é proporcional aos cadrados da frecuencia e da amplitude.

8. A enerxía dunha onda é proporcional:

A) Ao cadrado da amplitude.

B) Á inversa da frecuencia.

C) Á lonxitude de onda.

(P.A.U. Xuño 03)

Solución: A. Véxase a cuestión parecida na proba de [Set 00](#).

9. Cando unha onda harmónica plana se propaga no espazo, a súa enerxía é proporcional:

a) A $1/f$ (f é a frecuencia)

b) Ao cadrado da amplitude A^2

c) A $1/r$ (r é a distancia ao foco emisor)

(P.A.U. Set. 09)

Solución: B. Véxase a cuestión parecida na proba de [Set 00](#).

10. Razoa cal das seguintes afirmacións referidas á enerxía dun movemento ondulatorio é correcta:

- A) É proporcional á distancia ao foco emisor de ondas.
- B) É inversamente proporcional á frecuencia da onda.
- C) É proporcional ao cadrado da amplitude da onda.

(P.A.U. Set. 11)

Solución: C. Véxase a cuestión parecida na proba de [Set 00](#).

11. Na polarización lineal da luz:

- A) Modifícase a frecuencia da onda.
- B) O campo eléctrico oscila sempre nun mesmo plano.
- C) Non se transporta enerxía.

(P.A.U. Set. 06)

Solución: B

A luz emitida por un foco (unha lámpada, o sol) é unha onda electromagnética transversal que vibra en moitos planos. Cando atravesa un medio polarizador, só o atravesa a luz que vibra nun determinado plano.

As outras opcións:

A. Falsa. A frecuencia dunha onda electromagnética é unha característica da mesma e non depende do medio que atravesa.

B. As ondas, excepto as estacionarias, transmiten enerxía sen transporte neto de materia.

12. Unha onda luminosa:

- A) Non se pode polarizar.
- B) A súa velocidade de propagación é inversamente proporcional ao índice de refracción do medio.
- C) Pode non ser electromagnética.

(P.A.U. Xuño 06)

Solución: B

Defínese índice de refracción n_i dun medio i con respecto ao baleiro como a velocidade da luz no baleiro con respecto á velocidade da luz en devandito medio.

$$n_i = \frac{c}{v_{\text{luz } i}}$$

Como a velocidade da luz no baleiro é unha constante universal, a velocidade de propagación da luz nun medio é inversamente proporcional ao seu índice de refracción.

As outras opcións:

A. Falsa. A luz é unha onda electromagnética transversal que vibra en moitos planos. Cando atravesa un medio polarizador, só o atravesa a luz que vibra nun determinado plano.

B. Falsa. Maxwell demostrou que a luz é unha perturbación eléctrica harmónica que xera unha campo magnético harmónico perpendicular ao eléctrico e perpendiculares ambos á dirección de propagación.

13. Cando a luz atravesa a zona de separación de dous medios, experimenta:

- A) Difracción.
- B) Refracción.
- C) Polarización.

(P.A.U. Xuño 06)

Solución: B

A refracción é o cambio de dirección que experimenta unha onda cando pasa dun medio a outro no que se transmite a distinta velocidade.

Unha medida da densidade óptica dun medio é o seu índice de refracción n , o co-ciente entre c a velocidade da luz no baleiro e a velocidade v da luz no medio.

$$n = \frac{c}{v}$$


O índice de refracción n é sempre maior que a unidade, xa que a velocidade da luz no baleiro é o límite de calquera velocidade, segundo a teoría da relatividade restrinxida.

Cando un raio de luz pasa dun medio óptico menos «denso» (aire) a outro máis «denso» (auga), o raio desvíase achegándose á normal.

Leis da refracción:

1ª.- O raio incidente, o raio refractado e a normal á superficie de separación están no mesmo plano.

2ª.- Os senos dos ángulos i (o que forma o raio incidente coa normal á superficie de separación) e r (o que forma o raio refractado coa mesma normal) son directamente proporcionais ás velocidades da luz en cada medio, e inversamente proporcionais aos seus índices de refracción.



$$\frac{\sin i}{\sin r} = \frac{v_i}{v_r} = \frac{n_r}{n_i}$$

14. Cando interfieren nun punto dúas ondas harmónicas coherentes, presentan interferencia construtiva si a diferenza de percorridos Δr é:

A) $\Delta r = (2n + 1) \lambda/2$

B) $\Delta r = (2n + 1) \lambda$


C) $\Delta r = n \lambda$

(sendo $n = 0, 1, 2$ etc. e λ a lonxitude de onda)

(P.A.U. Set. 02)


Solución: C ou B

No caso máis sinxelo, representamos dúas ondas que se propagan de esquerda a dereita dende dous puntos A e B separados por unha diferenza de camiño $\Delta r = B - A$. Se a diferenza de camiños é un número enteiro de lonxitudes de onda (da o mesmo que sexa $n\lambda$ ou $(2n+1)\lambda$), os máximos coinciden e amplifícanse e a interferencia é construtiva.



— Onda 1
 Onda 2
 — Interferencia construtiva

Se a distancia fose un número impar de semilonxitudes de onda (resposta a) as cristas dunha coinciden cos ventres da outra e anúlanse, e a interferencia é destrutiva.



— Onda 1
 Onda 2
 — Interferencia destrutiva

15. Dous focos O_1 e O_2 emiten ondas en fase da mesma amplitude (A), frecuencia (f) e lonxitude de onda (λ) que se propagan á mesma velocidade, interferindo nun punto P que está a unha distancia λ m de O_1 e 3λ m de O_2 . A amplitude resultante en P será:


A) Nula.

B) A .

C) $2A$.

(P.A.U. Jun. 13)

Solución: C



Representamos dúas ondas que se propagan de esquerda a dereita desde dous puntos O_1 e O_2 de xeito que o punto P atópese a unha distancia λ de O_1 e a unha distancia 3λ de O_2 . Como a diferenza de camiños é un número enteiro de lonxitudes de onda, os máximos coinciden e se amplifican e a interferencia é construtiva. Como a frecuencia, a fase e amplitude son a mesma, a onda resultante será:

$$y = y_1 + y_2 = A \sin(\omega t - kx_1) + A \sin(\omega t - kx_2)$$

$$y = 2A \sin\left(\omega t - k \frac{(x_1 + x_2)}{2}\right) \cos\left(k \frac{(x_1 - x_2)}{2}\right)$$

Como $x_1 - x_2 = 2\lambda$ e $k = 2\pi/\lambda$, queda

$$y = 2A \sin(\omega t - 4\pi) \cos(2\pi) = 2A \sin(\omega t)$$

unha onda da mesma frecuencia, en fase coas iniciais e co dobre de amplitude.

16. As ondas sonoras cumpren algunha das seguintes características:

- A) Son transversais.
- B) Son lonxitudinais.
- C) Transmítense no baleiro.

(P.A.U. Xuño 99)

Solución: B

Unha onda é transversal cando a dirección de oscilación é perpendicular á dirección de propagación da onda, e é lonxitudinal cando ámbalas direccións son paralelas.

Se pensamos no son xerado por unha superficie plana (a pel dun tambor, a pantalla dun altafalante), a vibración da superficie empuxa ás partículas do medio (moléculas de ar) que se desprazan ata chocar con outras veciñas e rebotar, nunha dirección na que oscila a superficie e na que se despraza o son.

As outras opcións:

A: Son transversais as ondas sobre a superficie da auga ou nunha corda vibrante.

C: Non se transmiten no baleiro. Un dispositivo que o confirma é poñer un espertador dentro dun recipiente no se que fai o baleiro. Faise soar e vai facéndose o baleiro no recipiente. Vese como o martelo do espertador segue a petar na campá, pero o son vaise facendo máis feble ata desaparecer.

17. O son dunha guitarra propágase como:

- A) Unha onda mecánica transversal.
- B) Unha onda electromagnética.
- C) Unha onda mecánica lonxitudinal.

(P.A.U. Set. 05)

Solución: C

O son é unha onda mecánica, xa que precisa un medio, (aire, auga, unha parede) para propagarse. É unha onda lonxitudinal porque as partículas do medio vibran na mesma dirección na que se propaga o son.

18. A posibilidade de oír detrás dun obstáculo sons procedentes dunha fonte sonora, que se atopa fóra da nosa vista, é un fenómeno de:

- A) Polarización.
- B) Difracción.
- C) Refracción.

(P.A.U. Set. 03)


Solución: B

Difracción é o fenómeno que se produce cando unha onda “rodea” un obstáculo ou “se abre” cando atravesa un burato de dimensións parecidas á lonxitude de onda. É un fenómeno característico das ondas.

Pode representarse como na figura para unha onda plana.

A difracción do son se produce porque é un movemento ondulatorio, de lonxitude de onda da orde de cm a poucos metros (no aire) polo que pode rodear obstáculos de esas dimensións.

A luz, aínda que tamén é un movemento ondulatorio, ten lonxitudes de onda da orde dos 10^{-7} m. Prodúcese difracción da luz cando o tamaño do burato é menor que $1\ \mu\text{m}$, o que ocorre nas redes de difracción ou entre as pistas dun CD de música.



19. Se unha onda atravesa unha abertura de tamaño comparable á súa lonxitude de onda:

- a) Refráltase.
- b) Polarízase.
- c) Difráltase.


(Debuxa a marcha dos raios)

(P.A.U. Set. 09)

Solución: C

Prodúcese difracción cando unha onda «ábrese» ao atravesar unha abertura de tamaño comparable á súa lonxitude de onda. É un fenómeno característico das ondas.

Pode representarse como na figura para unha onda plana.



20. Unha onda de luz é polarizada por un polarizador A e atravesa un segundo polarizador B colocado despois de A. Cal das seguintes afirmacións é correcta con respecto á luz despois de B?


- A) Non hai luz se A e B son paralelos entre si.
- B) Non hai luz se A e B son perpendiculares entre si.
- C) Hai luz independentemente da orientación relativa de A e B.

(P.A.U. Xuño 11)

Solución: B

O fenómeno de polarización só ocorre nas ondas transversais. A luz é un conxunto de oscilacións de campo eléctrico e campo magnético que vibran en planos perpendiculares que se cortan na liña de avance a raio de luz. A luz do sol ou dunha lámpada eléctrica vibra nunha multitude de planos.

O primeiro polarizador só permite pasar a luz que vibra nun determinado plano. Si o segundo polarizador está colocado en dirección perpendicular ao primeiro, a luz que chega a el non ten compoñentes na dirección desta segunda polarización polo que non pasará ningunha luz.



21. Das seguintes ondas cales poden ser polarizadas?

- A) Ondas sonoras.
- B) Luz visible.
- C) Ondas producidas na superficie da auga.

(P.A.U. Xuño 02)

Solución: B

Para que unha onda poida ser polarizada ten que ser unha onda transversal.

A luz é una onda transversal que, cando é emitida por unha lámpada ou polo sol, vibra en todas as direccións perpendiculares á de propagación. Se atravesa un cristal polarizador, só se permite o paso á luz que vibra nun determinado plano. Se se pon un segundo polarizador en dirección perpendicular ao primeiro, a luz non pasa a través del.

As outras respostas:

A As ondas sonoras son ondas lonxitudinais, e non poden ser polarizadas

C. As ondas producidas na superficie da auga xa están polarizadas verticalmente (só vibran nunha dirección)

22. Unha onda electromagnética que se atopa cun obstáculo de tamaño semellante á súa lonxitude de onda:

- A) Forma nunha pantalla, colocada detrás do obstáculo, zonas claras e escuras.**
- B) Se polariza e o seu campo eléctrico oscila sempre no mesmo plano.**
- C) Reflictese no obstáculo.**

(P.A.U. Xuño 07)

Solución: A

A difracción é o fenómeno que se produce cando unha onda mecánica ou electromagnética «rodea» un obstáculo de dimensións parecidas á lonxitude de onda. É un fenómeno característico das ondas. Isto producirá un patrón de interferencias que, no caso da luz, dará lugar a unha sucesión de zonas claras e escuras nunha pantalla.

23. Se un feixe de luz láser incide sobre un obxecto de pequeno tamaño (da orde da súa lonxitude de onda):

- A) Detrás do obxecto hai sempre escuridade.**
- B) Hai zonas de luz detrás do obxecto.**
- C) Reflictese cara ao medio de incidencia.**

(P.A.U. Set. 07)

Solución: B

Chámase difracción ao fenómeno polo cal unha onda «rodea» obstáculos de tamaño similar a se lonxitude de onda. Prodúcese interferencias construtivas e destrutivas detrás do obstáculo, polo que existirán zonas «iluminadas» e zonas escuras.

24. Unha onda harmónica estacionaria caracterízase por:

- A) Ter frecuencia variable.**
- B) Transportar enerxía.**
- C) Formar nodos e ventres.**

(P.A.U. Xuño 10)

Solución: C

